

INSTRUCCIÓN E CRITERIOS PARA A EXPOSICIÓN ORAL

Cada grupo escollerá un tema dos seguintes bloques. Tamén poderedes mesturar varios temas dun mesmo bloque, sempre que a exposición teña coherencia e estea ben organizada.

A exposición deberá realizarse en galego e poderá incluír exemplos concretos: imaxes, vídeos breves, cancións, fragmentos, noticias, datos ou outros materiais que axuden a explicar o tema.

- **DURACIÓN**

A exposición terá unha duración **máxima de 5 minutos** por grupo.

É importante respectar o tempo asignado para que todos os grupos poidan expoñer nas sesións previstas. As exposicións que **superen** claramente o tempo establecido poderán ser **penalizadas na cualificación**.

PRESENTACIÓN E APOIO VISUAL

A exposición poderá acompañarse dunha presentación dixital, cartel, vídeo breve, audio ou outro material de apoio.

A presentación visual debe servir para acompañar a explicación, non para substituíla. Recoméndase empregar palabras clave, imaxes, títulos breves e exemplos claros.

Non se valorarán positivamente as presentacións con diapositivas cheas de texto copiadas directamente de internet ou doutras fontes.

- **LECTURA NA EXPOSICIÓN ORAL**

Trátase dunha exposición oral, polo que non se poderá ler o contido.

Poderedes levar unha pequena **guía ou esquema** con palabras clave para orientar a explicación, pero non un texto completo para ler. **A lectura** continuada da exposición **será penalizada**, xa que non cumpre o obxectivo da actividade.

No caso de que unha exposición consista practicamente só na lectura dun texto, poderá ser cualificada negativamente.

- **USO DO GALEGO**

A exposición deberá realizarse en galego, cunha lingua coidada, clara e adecuada ao contexto académico.

Deberedes evitar castelanismos, expresións incorrectas ou traducións literais do castelán. Non pasa nada por cometer algún erro puntual, pero si se penalizará a falta de coidado lingüístico ou o uso continuado do castelán.

- **USO DA INTELIXENCIA ARTIFICIAL**

Poderedes empregar ferramentas de intelixencia artificial como apoio puntual para buscar ideas, organizar información, corrixir algún fragmento ou mellorar a estrutura da exposición.

Porén, **non** se poderá entregar nin presentar un traballo realizado integramente con intelixencia artificial sen elaboración propia do grupo. A exposición debe reflectir o voso traballo: selección da información, comprensión do tema, explicación oral, exemplos escollidos e opinión razoada.

As presentacións realizadas unicamente con **intelixencia artificial**, sen traballo persoal nin elaboración propia, **serán cualificadas con 0 puntos**.

- **RESUMO:**

Poderán ser penalizadas as exposicións que presenten algunha destas situacións:

1. Non respectar o tempo establecido.
2. Ler toda a exposición ou depender completamente dun texto escrito.
3. Empregar unha presentación feita integramente con intelixencia artificial, sen elaboración propia do grupo.
4. Non utilizar o galego ou empregar de maneira continuada castelanismos e expresións incorrectas.
5. Non preparar suficientemente o tema, demostrando descoñecemento do contido exposto.
6. Non incluír exemplos concretos que axuden a comprender o tema.
7. Copiar información directamente de internet sen seleccionala, explicala nin adaptala. Non poñades demasiado texto nas diapositivas.
- 8. Non participar de maneira equilibrada todos os membros do grupo.**
9. Falar sen mirar ao público e a ler.
10. Non facer unha pequena conclusión.

TEMAS PARA A EXPOSICIÓN ORAL

1. PANORAMA MUSICAL GALEGO

1. Artistas emerxentes galegos actuais e a súa importancia.

Presentación de artistas ou grupos galegos novos: estilo, letras e uso do galego.

2. Premios Martín Códax da Música: que son e por que importan?

Que recoñecen estes premios e por que dan visibilidade á música galega.

3. O galego na música urbana actual

Presenza do galego no rap, trap, pop, electrónica ou outros estilos actuais.

4. Desde a tradición oral a fenómeno actual

Cantigas VS música actual

O papel das cantareiras e a súa relación con grupos como Tanxugueiras, Leilía ou Fillas de Cassandra.

5. Baiuca: electrónica e tradición galega

Como mestura música electrónica con sons tradicionais e que imaxe de Galicia transmite.

6. Festivais de música galegos dentro e fóra de Galicia

Festivais celebrados en Galicia e a súa importancia cultural. Festivais de música galega fóra de Galicia (Festivais emigrasón)

2. AUDIOVISUAL GALEGO

1. Certames ou premios do cine galego

Premios Mestre Mateo, Festival de Cine Curto de Ribadeo, Festival de Cans ou outros certames.

2. Películas galegas (premiadas ou non)

Presentación de películas galegas actuais. Como se percibe o audiovisual galego fóra de Galicia?

Premios, festivais, críticas, plataformas, adaptacións ou recepción do público.

3. Como inflúe o contexto galego na maneira de facer cine

Presenza da paisaxe, do rural, do mar, da lingua, da memoria ou das tradicións.

4. **Películas de Studio Ghibli relacionadas con Galicia**

Natureza como personaxe, mensaxes que transmiten e maneira de afrontar os problemas.

3. ILUSTRACIÓN E HUMOR GRÁFICO

1. **Castelao e a súa vinculación coa revista *Caras y Caretas***

Castelao como debuxante e a influencia da revista e de Xosé María Cao Luaces.

2. **Siro López e o humor gráfico galego**

Humor, retranca, crítica social e relación con Castelao.

3. **A banda deseñada galega**

Autores, obras, lingua empregada e relación coa mocidade.

4. **A retranca galega: humor ou maneira de ver o mundo?**

Que é, como funciona e onde aparece hoxe.

4. MULLERES GALEGAS

1. **Mulleres galegas relevantes en distintos ámbitos**

Mulleres destacadas na música, ciencia, deporte, arte ou literatura.

Deportistas galegas actuais.

5. CULTURA GALEGA, TRADICIÓN E IDENTIDADE

1. **Personaxes do Entroido galego**

Peliqueiros, cigarróns, pantallas, boteiros...

2. **Lendas galegas**

Lendas dunha zona concreta ou lendas coñecidas da tradición oral galega.

3. **O 25 de xullo: Día de Galicia**

Investigación. Significado cultural, histórico e simbólico desta data.

Prexuízos, presenza en redes sociais.

4. **Sociolingüística: prexuízos e tópicos**

Prexuízos relacionados coa lingua galega ou coa identidade galega.

6. GALICIA E O MUNDO

1. A lusofonía

Relación entre o galego, o portugués e os países lusófonos.

2. A emigración galega a América

3. Galicia e Arxentina: unha relación histórica

Presenza galega en Arxentina e importancia da colectividade galega.

Personalidades arxentinas (varios presidentes) con ascendencia galega

4. Memoria histórica e patrimonio: a illa de San Simón e o franquismo

A illa como espazo de memoria histórica e a súa relación coa película *San Simón*.

7. GALICIA CREATIVA

1. Isto tamén é Galicia

Aspectos menos tópicos da Galicia actual: videoxogos, cultura urbana, ciencia, moda ou deseño.

2. Galicia viral

Fenómenos galegos virais en internet: música, humor, festas, vídeos ou expresións.